



O cineasta ourensán Carlos Velo Cobelas.

todo tipo. El mesmo gravou nesta época algúns monográficos como *Un día en la radio* (1947).

Durante varios anos realizouse como documentalista cun grupo de camarógrafos e editores e de aí saíron as pezas *México eterno*, sobre arqueoloxía e arte colonial; *México incógnito*, sobre xeografía e etnografía; e *Hombres de México*, sobre personalidades científico-artísticas da época.

En 1952 coñeceu a Manuel Barbachano Ponce, un brillante produtor independente que lle propuxo a produción dunha curtametraxe, *Tele-Revista*, que tivo un profundo éxito, e, máis tarde, o cultural *Cine-Verdad*. Barbachano iniciou a atrevida produción dos catro contos etnográficos que integraron a película *Raíces*, que Velo non puido filmar pola oposición do poderoso Sindicato de Traballadores da Producción Cinematográfica e que recibiu no festival de Cannes un importante premio e o apoio do crítico Georges Sadoul.

En 1953, xunto a Luis Soto e outros, axudou á fundación do Padroado da Cultura Galega, que máis tarde presidiu. Entre as actividades da entidade destacan a emisión radial semanal *Hora de Galiza*, a celebración do Día de Galiza e a publicación da revista *Vieiros*, cofundada por Velo.

En 1956 dirixiu a súa primeira longametraxe, *Torero!*, baseada na vida profesional de Luis Procuna e que recibiu numerosos galardóns, entre eles un premio importante en Venecia e unha preselección para os Óscars. Ese mesmo ano enviou ó I Congreso da Emigración Galega en Bos Aires a súa revolucionaria proposta para un centro cinematográfico galego, que nunca se chegou a materializar. Seguiu traballando na produtora de Barbachano, en *Nazarín* de Luis Buñuel e *Sonatas* de Juan Antonio Bardem. A finais dos 50 foi chamado, debido á súa amizade con Alfredo Guevara, para colaborar na creación do Instituto Cubano de Arte e Industria Cinematográfica (ICAIC).

Anos máis tarde participou, como coguionista, nas películas *El gallo de oro* e *Las grandes aguas* e en 1960 asumiu o desafío de trasladar ó cine a novela *Pedro Páramo* de Juan Rulfo, pero a polémica levantada pola súa estrea afectoulle fortemente e, a partir de entón, apostou por un cine máis lixeiro e de aí a realización de *Don Juan 67*, *Cinco de chocolate* e *uno de fresa*, *Alguien nos quiere matar* e *El medio pelo*.

En 1972 fundou o Centro de Capacitación Cinematográfica, inaugurado tres anos despois, e nomeou presidente de honra a Luis Buñuel. Seguiu facendo documentais cos seus equipos, como *Universidad comprometida* e *Homenaje a León Felipe*.

En 1976, coa chegada do sexenio Portillo e con Margarita Portillo, irmá do presidente, á fronte da política cinematográfica,

Velo foi un dos reprimidos baixo a acusación de malversación de fondos. Ingresou na cadea no verán de 1979 e non saíu ata finais dese mesmo ano, coa saúde moi desmellorada e grazas ó forte movemento solidario que se levou a cabo en México, encabezado por Buñuel, e en España.

En 1982, o Ministerio de Cultura español encargoulle a serie *Los españoles refugiados en el exilio* e, en 1984, nomeárono subdirector de medios audiovisuais no Consello Nacional de Ciencia e Tecnoloxía que el mesmo axudara a fundar. Ese mesmo ano dirixiu a serie de televisión *Cambio*, producida por Conacyt para difundir-la ciencia e a tecnoloxía do México do momento.

Un ano máis tarde recibiu o premio Mestre Mateo da Xunta de Galicia e en 1985 unha homenaxe nas Xornadas de Cine e Vídeo en Galicia que tiveron lugar no Carballiño.

Despois de pasar por varias operacións cirúrxicas a consecuencia dun cancro, faleceu en México o 1 de marzo de 1988 e os seus restos foron trasladados a Galicia.

**VELO MOSQUERA, Xosé.** Político e escritor que nace en Celanova (Ourense) o 21 de abril de 1916 e que falece en San Paulo (Brasil) o 30 de xaneiro de 1972. Estuda Filosofía e Letras e dous cursos de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela. A súa traxectoria política comeza na súa vila natal cunha militancia activa na Federación das Mocedades Galeguistas; na segunda asemblea desta agrupación, en 1935, é elixido secretario xeral e comparte os labores de dirección co poeta celanovés Celso Emilio Ferreiro.

Finalizada a Guerra Civil, desenvolve a súa actividade política, na clandestinidade, en Vigo, onde abre un colexio no que



O político Xosé Velo Mosquera.

das políticas e culturais do momento. En 1933 cofundou o cineclub da Federación Universitaria Escolar (FUE), asociación da que xa era membro e como tal participaba nas Misións Pedagóxicas da Institución Libre de Enseñanza.

A súa primeira experiencia como cineasta tívoo ó finaliza-la carreira, cando realizou unha película sobre un traballo científico que estudaba a comunicación das abellas, xunto co seu amigo Guillermo Fernández Zúñiga, que despois retomaríaa aquel traballo co título *Aventura de los ápidos Apis*.

En 1935 comezou a súa andaina como autor de curtametraxes documentais e así filmou *La ciudad y el campo*, *Felipe II y el Escorial*, *Tarragona (Tarraco Augusta)*, *Infinitos* e *Almadrabas*. Xa en 1936 fixo a súa obra mestra *Galicia* (co título alternativo de *Finis Terrae*), que acadou o Diploma de Honra na Exposición Internacional de París en 1937.

Ó comeza-la Guerra Civil, e debido ó seu protagonismo político, tivo que fuxir e esconderse en diversos lugares. Conseguiu pasar a Marrocos (coa desculpa de filmar un documental) e, finalizada a guerra, exiliouse en México, país no que fixo a súa residencia. Aquí exerceu a súa profesión de biólogo dando clases de Zooloxía Xeral no Instituto Politécnico Nacional ata 1944, ano no que abandonou a actividade a consecuencia do falecemento da súa esposa (Marilyn), xa que a ciencia, na que el cría tanto, deixou de ter fundamento ó non poder curala.

Posteriormente, reiniciou a súa carreira como cineasta cando o xeneral Azcárate lle ofreceu a dirección de *Noticiero mexicano EMA*, no que estivo ata 1953 coordinando varios equipos de produción que ofrecían informacións e reportaxes de

imparte clases de matemáticas. En 1944 é detido e acusado de participar en actividades antifranquistas. Cando sae do cárcere da Coruña, en liberdade condicional, escóndese durante ano e medio en Moreira (Celanova) e en 1947 sae cara a Portugal, onde é apesado pola policía política portuguesa; por presións internacionais non é extraditado a España. O presidente de Venezuela, Rómulo Gallegos, interesease por el e ordena que lle sexa entregado un pasaporte de emerxencia.

En 1948 retoma en Caracas a súa actividade docente. Dirixe o colexio Orto, ó que acoden fillos de exiliados galegos e, incluso, dalgún ministro venezuelano, e exerce como profesor na Escola de Administración do exército de Venezuela. Ó mesmo tempo realiza unha intensa actividade política, cultural e asociativa: participa en Galeuzca, preside Lar Galego, colabora semanalmente nunha emisora de radio facendo comentarios culturais, traballa coa oposición antifranquista no exilio (coa Unión de Combatentes Españóis, xunto ó xeneral Bayo), asiste como delegado ó I Congreso da Emigración Galega, que tivo lugar en Bos Aires en 1956, etc.

En 1960 convence os xenerais Bayo e Humberto Delgado, ambos no exilio, para constituír unha organización que aglutine os opositores ós réximes ditatoriais español e portugués. Nace así o Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL), que, segundo o propio Velo, non é un partido político, senón un movemento que ten como único obxectivo a planificación de accións violentas para derrocarlos ditadores de Madrid e Lisboa. Nesta liña hai que situa-lo secuestro, en 1961, do transatlántico Santa María, planificado polo propio Velo e logo asumido polo comandante Sotomayor e o capitán Galvao.

Ó finaliza-lo rapto, a principios de febreiro de 1961, exíliase no Brasil. En 1964 abre en San Paulo, xunto co militante socialista español no exilio Bartolomé González Llorente, a librería Nós, que posteriormente transforma na editorial Publicacións Galicia Ceibe, na que tiña pensado edita-la súa obra inédita (poesía, ensaio e narrativa). Un ano antes do seu falecemento, funda e dirixe o periódico mensual *Paraíso 7 Días*, do que saen cinco números.

Como escritor, Xosé Velo publica poemas e artigos en diversas revistas, sobresaíndo a súa participación no volume *Cartafol de poesía* (1935), que inclúe dez composicións súas e outras tantas de Celso Emilio Ferreiro. (Xosé González Martínez)

**VELOÍN.** Aldea da parroquia de Arcos (Santa María), concello de Antas de Ulla (Lugo), que suma 6 habitantes.

**VELÓN.** Aldea da parroquia de Quintas (Santo Estevo), concello de Paderne (A Coruña), que rexistra 42 habitantes e dista 2 quilómetros da capital municipal.

**VELOSO.** Futbolista, de nome completo José Fidalgo Veloso, que naceu en Santiago de Compostela (A Coruña) o 23 de marzo de 1937. Procedente de equipos modestos, pasou pola S.D. Compostela e posteriormente polo Turista de Vigo. Logo, na tempada 1958-59, fichou polo Real Club Deportivo de La Coruña, onde non tardaría en ser unha das figuras máis destacadas. Xunto con Amancio formou unha das parellas máis famosas do fútbol galego de tódolos tempos.

Como dianteiro centro, Veloso destacou pola súa gran potencia de tiro a porta, pola súa extraordinaria habilidade na área rival e polo seu grande oportunismo.

Xa como titular indiscutible do Deportivo, chegou a ser internacional en 1962. Deixou o club herculino cando foi fichado polo Real Madrid, onde volveu coincidir con Amancio. O equipo merengue acabou traspasándoo ó Club Deportivo Ourense na tempada 1969-70. Antes de retirarse como profesional aínda xogou no Rayo Vallecano.

**VELPELLÓS.** Aldea da parroquia de Vilariño (Santa María), concello de Agolada (Pontevedra), que ten 39 habitantes.

**VENA, A.** Aldea da parroquia de San Román de Montoxo (San Román), concello de Cedeira (A Coruña), que suma 6 habitantes e dista 3,6 quilómetros da capital municipal.

**VENA DA CARREIRA, A.** Lugar da parroquia de Vilanuíde (Santo Antonio), concello de Quiroga (Lugo).

**VENCE.** Aldea da parroquia (San Vicente) e concello de Rodeiro (Pontevedra), que suma 9 habitantes.

**VENCEÁNS.** Aldea da parroquia (San Tomé) do mesmo nome, concello de Entrimo (Ourense), que rexistra 49 habitan-

tes e dista 5,6 quilómetros da capital municipal.

**VENCEÁNS (San Tomé).** Parroquia do concello de Entrimo, arciprestado de Bande, provincia e diocese de Ourense. Os seus 122 habitantes agrúpanse nas entidades de poboación de Queguas, Venceáns e Vilar. Dista 5,6 quilómetros da capital municipal.

**VENCEJO, El.** Periódico aparecido en Tui (Pontevedra), o 1 de febreiro de 1905, que saía cada dez días. Dende o número 38 ata a súa desaparición en xuño de 1906 publicouse semanalmente. Era órgano do cacique comarcal Venancio Lorenzo, que o dirixía.

**VENCELLO<sup>1</sup>.** *s.m.* 1. Especie de corda de palla, curta e retorcida, que se utiliza para ata-los mollos, feixes, etc. 2. Calquera corda ou similar que se emprega para atar ou suxeitar dúas cousas entre si.

**VENCELLO<sup>2</sup>.** *s.m.* Ave da orde paseriforme e da familia dos apódidos, coñecida tamén como cirrío ou birrío. O vence-llo caracterízase por posuír unhas ás de gran lonxitude en forma de gadaña, que, ó estar pousado, exceden amplamente o final da cola, curta e cunha pequena galla. Está perfectamente adaptado para o voo e é capaz de comer, aparearse e incluso durmir no aire; isto fai que as patas resulten un peso case inútil, polo que se lle foron reducindo ata o punto de non servir-lle para camiñar, senón unicamente para arrastrarse. Tampouco a disposición dos dedos é como no común dos paxaros, pois os catro están dirixidos cara adiante, rematados en unllas afiadas, que funcionan como garfos para suxeitarse nas paredes verticais. Se cae ó chan non é quen de elevarse, polo que busca un desnivel do terreo para deixarse caer e poder así remonta-lo voo.



Lugar de Venceáns, na parroquia do mesmo nome, no concello ourensán de Entrimo.